

PROGRAMA DE ACOLLIDA IES COSME LÓPEZ RODRÍGUEZ

CURSO 2020/2021

Este documento está elaborado en base ás Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundariaobrigatoria e do bacharelato, nas que se indica que, co fin de facilitar a incorporación do alumnado afectado pola suspensión da actividade lectivo presencial durante o curso 2019/2020, o equipo directivo elaborara un Programa de acollida que será presentado ao Consello Escolar do centro o día 15 de setembro e que se desenvolvera nas dúas primeiras semanas do curso, coa organización de actividades globalizadas que informen, polo menos, dos seguintes aspectos:

- a) Novas normas de organización e funcionamento do centro.
- b) Actuacións de prevención, hixiene e protección.
- c) Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.
- d) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.
- e) Plan de reforzo e recuperación

1. NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO

O plan de adaptación á situación covid-19 implica unha serie de cambios e modificacións temporais nas Normas de Organización e Funcionamento do centro.

No Plan de adaptación ao contexto Covid do centro están regulados moitos aspectos que afectan ao funcionamento e organización do centro, con modificacións importantes na organización de todos os espazos, servizos complementarios, entradas e saídas, recreos, gardas, reunións de órganos colexiados, etc

Neste cadro/resumo reflectimos as máis salientables:

TEMA	MODIFICACIÓN
Horarios de saída e de recreo	<ul style="list-style-type: none"> - Saídas: escalonadas por cursos con tres timbres de saída segundo os cursos. Saídas entre 14:00 horas e 14:08 horas e os luns pola tarde entre 17:15 horas e 17:23 horas. - Modificación dos recres. Haberá un único recreo de 11:00 horas a 11:40 horas.
Reunións dos órganos colexiados	<ul style="list-style-type: none"> - Consello escolar: telemáticas - Calustros: presenciais no comedor (se hai actividade lectiva presencia) ou telemática (docencia non presencial)
Control de asistencia e xustificación de faltas	<ul style="list-style-type: none"> - Control das ausencias por Covid - Rexistro paralelo a outro tipo de ausencias - Ausencias xustificadas (protocolo absentismo)
Recreos	<ul style="list-style-type: none"> - Saídas escalonadas por andares e zonificación dos patios. Asignación de patios aos distintos cursos - Aumento do profesorado de garda de patio - Ver plan de adaptación
Titorías e atención a pais polo profesorado	<ul style="list-style-type: none"> - Canles de comunicación coas familias telemáticas: teléfono, correo electrónico, videoconferencia.
Gardas	<ul style="list-style-type: none"> - Aumento do n.º de profesorado de garda nos recreos (profesorado de garda dos aseos) - Non haberá profesorado de garda de pavillón - Profesorado de garda de 08:15 a 08:30 para controlar as entradas. - Diminución das gardas de biblioteca
Actividades complementarias e extraescolares	<ul style="list-style-type: none"> - Non haberá actividades extraescolares nin viaxes do alumnado. - As actividades complementarias, dentro do horario lectivo, faranse nas aulas ordinarias do alumnado. Celebración de efemérides nas aulas e telematicamente.

Programacións didácticas	<ul style="list-style-type: none"> - Modificacións segundo o establecido na Instrucción de inicio de curso, e aspectos en que se modifica presencial, semipresencial, a distancia...
Aulas	<ul style="list-style-type: none"> - Modificación da organización do espazo para respectar a distancia de seguridade interpersoal - Modificación das normas de aula: hixiene, non levantar da cadeira, non tocar persiana, enchufes, etc (ver Plan de adaptación) - As materias comúns en ESO de música, plástica e tecnoloxía, e idiomas impartiranse na aula ordinaria. - Normas específicas para as aulas de desdobres, laboratorios (ver Plan de adaptación) - Posta en funcionamento para todos os cursos e todas as materias da aula virtual. - Posta en funcionamento, en 1º ESO de alas Edixgal e supresión neste curso das aulas abalar. - Follas de rexistro de ventilación e alumnado que vai ao aseo
Disciplina e convivencia	<ul style="list-style-type: none"> - Novas normas de convivencia no centro: uso obrigatorio de máscara e reposición da mesma ás 11:40 horas, distancia interpersoal de seguridade de 1,5 metros en todo momento e en todos os espazos, obrigatoriedade de facer hixiene de mans tal e como se establece no Plan de adaptación, non moverse do sitio que o alumnado ten asignado na aula mentres dure a clase e entre clases (salvo desdobres), utilizar os aseos asignados, utilizar as zonas de patio establecidas, entrar e saír polas portas sinaladas, circular pola dereita nos desprazamentos, respectar os aforos, en suma, cumprir con todas as normas establecidas no Plan de adaptación. - O incumprimento destas novas medidas será considerado como unha conduta prexudicial para a convivencia que será corrixida coa medida correctora de suspensión do dereito de asistencia ao centro por un período de un a tres días. A reiteración de condutas leves convírtese nunha conduta gravemente prexudicial para a convivencia coa apertura do respectivo procedemento corrector. Ter en conta que o

	incumprimento destas medidas (moitas delas) atentaría contra a saúde pública e podería poñer en risco a vida de moitas persoas en caso de que estea infectado/a polo virus.
Entradas e saídas e portas de entrada e saída	- No plan de adaptación recóllese minuciosamente este aspecto. (ver Plan de adaptación)
Servizo complementario do comedor escolar	<ul style="list-style-type: none"> - Modificación na organización do espazo: pupitres individuais separados 1,5 m - Acompañamento do profesorado de última hora ao comedor. - Normas de hixiene de mans no comedor - Servizo de bandexas por parte do persoal de cociña unha vez que o alumnado estea sentado. - Zonificación do recreo do comedor. - Control e rexistro do alumnado que utiliza os aseos exteriores no recreo de comedor. - Ventilación (ver Plan de adaptación)
Cafetería	<ul style="list-style-type: none"> - Supresión do mobiliario da cafetería - Establecemento dun aforo de 17 persoas - Sinalización de puntos de espera - Prohibida a estancia do alumnado na cafetería, só para comprar e saír ao patio que teña asignado. - Uso do servizo por parte do alumnado, profesorado e persoal non docentes(ver plan de adaptación)
Pavillón	<ul style="list-style-type: none"> - Estará pechado nos recreos para facer actividades. - Só se abraira nos recreos en caso de chuvia para o alumnado que se establece no Plan de adaptación (ver apartado recreos do plan). - Non se utilizarán as taquillas, duchas e aseos. - Ver plan de adaptación
Sala do profesorado	<ul style="list-style-type: none"> - reducido o aforo a 10 persoas sentadas e 4 nos ordenadores - Uso de despachos de departamentos didácticos, aulas

	<p>específicas como alternativa á sala do profesorado.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Novas normas de seguridade e hixiene: distancia interpersonal, lavado frecuente de mans e uso obrigatorio de máscara en todo momento.(ver plan de adaptación)
Biblioteca	<ul style="list-style-type: none"> - Redución dos usos habituais da biblioteca. - Sistema de prestamo/devolución mediante cita previa asignando un día da semana para cada curso.
Conserxería	<ul style="list-style-type: none"> - Atención ao alumnado e profesorado pola ventá. - Novo sistema de petición de fotocopias (ver Plan) - Corentena do papel dous días
Despachos do equipo directivo	<ul style="list-style-type: none"> - Limitación do aforo - Sistema de cita previa (un só membro da familia. - Atención telemática preferiblemente. - Eliminación do mobiliario que non se utiliza para facilitar a limpeza e desinfección ao final da xornada lectiva.
Circulación polo centro	<ul style="list-style-type: none"> - Sinalización pola dereita - Nas materias optativas, o profesorado irá a buscar ao alumnado á aula e ao rematar a clase volverá a acompañalo para garantir que os desprazamentos se fagan de forma ordenada e cumprindo o distanciamento social. - O alumnado e o profesorado gardará en todo momento a distancia interpersonal de 1,5 metros.
Aseos	<ul style="list-style-type: none"> - Asignación de aseos por cursos. - Cartelería nas portas de cada aseo do aforo e normas dunha correcta hixiene de mans. - Cadro control de limpeza dos aseos coa data, hora e nome do persoal de limpeza que fai a operación. - Colocación de dispensadores de xel, papel desbotable e xabón. Papeleiras con tapa accionadas por pedal.

Para realizar unha correcta explicación sobre estas modificacións e o desenvolvemento do plan de actuación, realizaranse antes do comezo de curso reunións por curso coas familias.

Estas reunións terán lugar no comedor baixo as seguintes normas de seguridade:

- Un único asistente por alumno/a.
- Separación entre cadeiras dun mínimo de 1,5 m
- Obrigatorio o uso de máscara entre os asistentes.
- Hixiene de mans antes e despois da reunión
- Ventilación do espazo mentres dure a reunión

As datas e horas para cada nivel educativo quedan reflectidas na seguinte táboa:

CURSO	DATA	HORA
1º ESO	10 DE SETEMBRO	10 HORAS
2º ESO, FPB	10 DE SETEMBRO	12 HORAS
3º E 4º ESO	11 DE SETEMBRO	10 HORAS
1º, 2º BACHARELATO E CICLO MEDIO FP	14 DE SETEMBRO	10 HORAS

- ORGANIZACIÓN DO INICIO DE CURSO: DÍAS 16, 17 E 18 DE SETEMBRO

16 de setembro:

1º ESO

08:30 horas: recepción de todo o alumnado no salón de actos co equipo directivo (directora, vicedirectora, xefa de estudos e secretario), o departamento de orientación ao completo (orientadora, mestra de psicoloxía terapéutica e mestra de audición e linguaxe), e os titores de 1º ESO A e de 1º ESO B. Acto de benvida e presentación.

Posteriormente:

1º ESO A subirá á súa aula co titor quen lle explicará detalladamente as novas normas e fará especial fincapé nas normas de protección, seguridade e hixiene. Entrega de horarios e explicación de como deben entrar, saír ao recreo, ir aos aseos, á biblioteca, á cafetería., etc

1º ESO B fará un percorrido polo centro co profesor para ver todas as instalacións e explicarlle as normas de uso durante este curso (zona de patio que teñen asignada para os recreos, portas de entrada e saída, sentido da circulación dentro do centro, aseos que teñen asignados, etc.

Cando o titor de 1º ESO A remate de explicar as novas normas, fará o mesmo percorrido que xa fixo o alumnado de 1º B. E o alumnado de 1º ESO B, ao acabar o percorrido polo centro irá á aula ordinaria co titor.

11: 45- 12:10 horas: recreo. O alumnado sairá da aula como está establecido no plan de adaptación e irá aos patios que ten asignados (se necesita ir aos aseos irá aos aseos que ten asignados), pode pasar pola cafetería se quere comprar bocadillo, auga (de non traelos da casa).

Ao acabar o recreo:

O alumnado que teña fondo solidario recollerá os libros que lle serán entregados a medida que entre pola porta que ten asignada e subirá á aula co titor.

Estas últimas sesións de clase:

Formación no uso da aula virtual, correo electrónico (crear unha conta se non teñen aínda, e anotar a que teñan) e videoconferencia (funcionamento das salas).

Enquisa ao alumnado de medios telemáticos dos que dispoñen na súas casas.

Saída: Sairán polas portas que teñan asignadas. O titor acompañará ao alumnado transportado á parada de buses.

2º ESO

08:30 horas: O alumnado subirá á aula co titor ou titora: normas de seguridade e hixiene, horarios, aulas de desdobre se as tiveran, como serán os desprazamentos polo centro para ir ás aulas, entradas e saídas, recreos (zona de patio asignada, normas de estancia..), aseos asignados, funcionamento do servizo de cafetería, comedor.

10:10 horas: recepción do alumnado no salón de actos polo equipo directivo e titoras/es (Novas normas de organización e funcionamento).

11:00 horas: recreo. O alumnado sairá da aula como está establecido no plan de adaptación e irá aos patios que ten asignados (se necesita ir aos aseos irá aos aseos que ten asignados), pode pasar pola cafetería se quere comprar bocadillo, auga (de non traelos da casa).

11:40 horas: a titora ou titor recollerá ao seu alumnado na zona de patio asignada para acompañalo á aula.

O alumnado que teña fondo solidario recollerá os libros que lle serán entregados a medida que entre pola porta que ten asignada e subirá á aula co titor.

Últimas horas:

- Recabar información de correos electrónicos do alumnado
- Información sobre o uso do correo electrónico (comprimir documentos, reducir peso imaxes, etc)
- Formación do alumnado no uso da Aula virtual

- Formación do alumnado na ferramenta Videoconferencia

O alumnado sairá polas portas que teña asignadas e o/a titor/a acompañarao ao alumnado de transporte escolar á parada de buses.

1º BACHARELATO:

11:00 horas: recepción no salón de actos (Novas normas de organización e funcionamento,)

Posteriormente subirá á aula co titor: entrega de horarios, novas normas Covid, aulas de desdobres e como facelos, normas de protección e hixiene, entradas e saídas, como facer nos desdobres, saídas ao recreo, espazos asignados, entradas despois do recreo, aseos asignados, funcionamento da aula virtual.

Ao acabar, se trae autorización da nai/pai, poderá saír antes das 14:10 horas.

17 de setembro

3º ESO

Mesmo plan de traballo que o alumnado de 2º ESO.

8:30 horas: recepción do alumnado no salón de actos polo equipo directivo e titoras/es (Novas normas de organización e funcionamento).

Posteriormente subirá á aula co titor ou titora: normas de seguridade e hixiene, horarios, aulas de desdobre se as tiveran, como serán os desprazamentos polo centro para ir ás aulas, entradas e saídas, recreos (zona de patio asignada, normas de estancia...ver Plan), aseos asignados.

11:00 horas: recreo

11:40 horas: a titora ou titor recollerá ao seu alumnado na zona de patio asignada para acompañalo á aula.

O alumnado que teña fondo solidario recollerá os libros que lle serán entregados a medida que entre pola porta que ten asignada e subirá á aula co titor.

Últimas horas:

- Recabar información de correos electrónicos do alumnado
- Información sobre o uso do correo electrónico (comprimir documentos, reducir peso imaxes, etc)
- Aula virtual
- Videoconferencia

O alumnado sairá polas portas que teña asignadas e o/a titor/a acompañarao ao alumnado de transporte escolar á parada de buses

2º BACHARELATO

11:00 horas: recepción no salón de actos (Novas normas de organización e funcionamento,)

Posteriormente subirá á aula co titor: entrega de horarios, novas normas Covid, aulas de desdobres e como facelos, normas de protección e hixiene, entradas e saídas, como facer nos desdobres, saídas ao recreo, espazos asignados, entradas despois do recreo, aseos asignados, funcionamento da aula virtual, etc.

Ao acabar, se trae autorización da nai/pai, poderá saír antes das 14:10 horas.

18 de setembro

4º ESO

8:30 horas: recepción do alumnado no salón de actos polo equipo directivo e titoras/es (Novas normas de organización e funcionamento).

Posteriormente subirá á aula co titor ou titora: normas de seguridade e hixiene, horarios, aulas de desdobre se as tiveran, como serán os desprazamentos polo centro para ir ás aulas, entradas e saídas, recreos (zona de patio asignada, normas de estancia...ver Plan), aseos asignados.

11:00 horas: recreo

11:40 horas: a titora ou titor recollerá ao seu alumnado na zona de patio asignada para acompañalo á aula.

O alumnado que teña fondo solidario recollerá os libros que lle serán entregados a medida que entre pola porta que ten asignada e subirá á aula co titor.

Últimas horas:

- Recabar información de correos electrónicos do alumnado
- Información sobre o uso do correo electrónico (comprimir documentos, reducir peso imaxes, etc)
- Aula virtual
- Videoconferencia

O alumnado sairá polas portas que teña asignadas e o/a titor/a acompañarao ao alumnado de transporte escolar á parada de buses

FPB: 1º e 2º

08:30 horas: O alumnado subirá á aula co titor ou titora: normas de prevención e hixiene, horarios, aulas de desdobre se as tiveran, como serán os desprazamentos polo centro para ir ás aulas, entradas e saídas, recreos (zona de patio asignada, normas de estancia..), aseos asignados, funcionamento do servizo de cafetería, comedor.

10:10 horas: recepción do alumnado no salón de actos polo equipo directivo e titoras/es (Novas normas de organización e funcionamento).

11:00 horas: recreo. O alumnado sairá da aula como está establecido no plan de adaptación e irá aos patios que ten asignados (se necesita ir aos aseos irá aos aseos que ten asignados), pode pasar pola cafetería se quere comprar bocadillo, auga (de non traelos da casa).

11:40 horas: a titora ou titor recollerá ao seu alumnado na zona de patio asignada para acompañalo á aula.

O alumnado que teña fondo solidario recollerá os libros que lle serán entregados a medida que entre pola porta que ten asignada e subirá á aula co titor.

Últimas horas:

- Recabar información de correos electrónicos do alumnado
- Información sobre o uso do correo electrónico (comprimir documentos, reducir peso imaxes, etc)
- Formación do alumnado no uso da Aula virtual
- Formación do alumnado na ferramenta Videoconferencia

O alumnado sairá polas portas que teña asignadas e o/a titor/a acompañarao ao alumnado de transporte escolar á parada de buses.

CICLO MEDIO DE FP

11:00 horas: recepción no salón de actos (Novas normas de organización e funcionamento,)

Posteriormente subirá á aula co titor: entrega de horarios, novas normas Covid, aulas de desdobres e como facelos, normas de protección e hixiene, entradas e saídas, como facer nos desdobres, saídas ao recreo, espazos asignados, entradas despois do recreo, aseos asignados, funcionamento da aula virtual, etc.

Ao acabar, trae autorización da nai/pai, poderá saír antes das 14:10 horas. O alumnado maior de idade poderá xustificar a saída.

ORGANIZACIÓN DOS PRIMEIROS QUINCE DÍAS DE CLASE

- O profesorado utilizará, en función do número de sesións semanais de clase e dos cursos, parte das súas sesións de clase para traballar co alumnado os seguintes aspectos:

- . Actuacións de protección, hixiene e prevención
- . Formación do alumnado no funcionamento do seu curso de aula virtual.
- . Plan de reforzo e recuperación das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no terceiro trimestre do curso anterior.
- . En titoría: atención a aspectos emocionais e sociais, e formación na aula virtual.

- . Explicación ao alumnado da actividade docente non presencial na súa materia.
- . Presentación de determinados aspectos da programación didáctica: metodoloxía, criterios e procedementos de avaliación e cualificación nos escenarios posibles...

2. ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN HIXIENE E PROTECCIÓN

- Durante todo o curso e, en particular, durante os primeiros 15 días de clase, todo profesorado fará fincapé na prevención, hixiene e protección.
- Porase cartelería alusiva en todos os espazos do centro sobre distintos aspectos relacionados coa prevención, hixiene e protección.
- Dentro do plan de formación do profesorado no centro traballarase esta temática a través de cursos, seminarios, etc

Prevención:

O centro educativo non é alleo á situación social e, polo tanto, establecendo un paralelismo coas normas xerais de prevención para calquera cidadán, os obxectivos serán os seguintes:

Estas actuacións aplicaranse durante todo o ano, pero os primeiros días de clase serán fundamentais para familiarizarse coas novas normas derivadas da situación epidemolóxica na que nos atopamos.

- Evitar aglomeracións:

- Distintos horarios de saídas do alumnado.
- . Distintas portas de entrada e de saída
- Zonificación dos espazos do patio para que cada curso dispoña dunha zona de recreo separada do resto.
- Asignación aos cursos e grupos de distintos aseos.
- . Puntos de espera na zona de cafetería, aseos, biblioteca.
- . Acompañamento do alumnado aos patios, comedor, transporte e aulas de materias optativas por parte do profesorado.
- . Limitación de aforos en todos os espazos do centro.

- Distancia social:

- Distribución das mesas nas aulas de tal xeito que exista a maior separación posible entre o alumnado atendendo ao número de alumnos/as por aula e ao espazo dispoñible. En todo caso, cunha separación entre cadeira e cadeira de 1,5 metros.

. Mantemento en todo momento e en todos os espazos desa distancia de seguridade con sinalización ao respecto en diversas zonas do centro.

- Evitaranse situacións de contacto físico: cambios nas normas dos recreos, na materia de educación física, metodoloxía de aula (proposta de traballos individuais), etc

- Responsabilidade individual:

- O profesorado debe comprometerse a facer un autotest antes de acudir ao centro para evitar ir a traballar con sintomatoloxía compatible coa covid

- As familias deben adquirir o compromiso firme de non enviar aos seus fillos/as ao centro se presentan algúns dos síntomas compatibles coa covid, para elo deberán facer un test diario no que comproben a temperatura, a presenza de tose seca, dificultade respiratoria, a perda de olfacto ou gusto, dor muscular, fatiga severa ou diarrea.

Hixiene

A hixiene de mans é fundamental para previr o contaxio do virus polo que é fundamental concienciar a toda a comunidade educativa na necesidade de facer hixiene de mans con frecuencia e de forma correcta. Haberá cartelería no centro, sobre todo nos aseos, referida a unha correcta hixiene de mans.

Neste apartado resumimos as accións a levar a cabo para reforzar a hixiene xeral do centro e a adquisición de hábitos e rutinas de responsabilidade individual.

- Hixiene xeral do centro:

- Reforzar o servizo de limpeza solicitando o aumento do persoal de limpeza

- Realizar desinfeccións dos aseos tres veces por mañá. Folla de control de limpeza nos aseos

. Baleirar, por parte do persoal de limpeza, frecuentemente as papeleiras con tapa e accionadas por pedal

- Facer limpeza e desinfección de aulas, espazos comúns, despachos, aseos e espazos coa tarxeta limpo/sucio na parte vermella, ao finalizar a xornada.

- Establecer un control da ventilación correcta e abundante das aulas.

- Desinfección dos elementos de uso común por parte do alumnado.

- Hixiene persoal:

- Facer varias limpeza e desinfección das mans, para o que haberá dispensadores de xel hidroalcohólico nas aulas e xabón líquido nos baños. O alumnado deberá traer no seu estoxo un bote de xel hidroalcohólico.

. O profesorado de 1º hora velará porque o alumnado, unha vez sentado, faga correctamente hixiene de mans

- Adquirir hábitos como tusir ou esbirrar contra o cóbado, evitar tocar a cara o levar obxectos á boca.
- Aprender a manipular correctamente as máscaras.

. Desbotar a máscara cirúrxica ao volver do recreo ou poñer unha nova máscara hixiénica. Lembrar que as máscaras cirúrxicas teñen unha vida útil de catro horas aproximadamente e que é necesario lavar diariamente (se se usan varias horas) as máscaras hixiénicas con auga quente e xabón.

- Rutinas de responsabilidade individual:

- Os usuarios de espazos e elementos comúns deben adquirir a conciencia de que debe recaer sobre eles a desinfección previa ao uso. Para iso haberá líquido desinfectante pulverizado con pistola e panos desbotables para o secado. Pode parecer unha medida de “descarga de responsabilidade” ou “abandono de funcións”, pero é todo o contrario, supón un exercicio de educación cívica e respecto.
- Limpeza de elementos propios de traballo: cada profesor/a ou cada alumno/a ten uns elementos de emprego persoal, como son a mesa de traballo, bolígrafos, etc. É moi saudable interiorizar a limpeza deses elementos de xeito periódico, o que non exime da limpeza que poida facer o persoal de limpeza.

Exemplo: antes de usar un ordenador, debo, como usuario, coller un pano con xel e desinfectar o teclado e rato, acción que debo repetir cando finalice o seu uso.

Exemplo: a mesa, como espazo de traballo propio, pode ser receptora de gotículas e o xeito de pasar un pano con xel axuda a manter limpa e desinfectada esa zona de contacto case permanente. Como se indica no parágrafo anterior, isto non elimina a limpeza que poida realizar o persoal de limpeza.

- Facilitar o labor do persoal de limpeza: as nosas accións repercuten no traballo doutras persoas.

Resultaría inadmisibile que o persoal de limpeza teña que colocar antes de limpar, é traballo do alumnado e do profesorado ter as mesas ordenadas, os armarios, e non deixar cousas polo chan. Deste xeito, o persoal de limpeza pode optimizar o seu tempo de traballo e dedicalo aos labores propios.

- Elementos de limpeza a disposición da comunidade docente:

- Dispensadores de xel hidroalcohólico: en todas as aulas e espazos comúns
- Xabón: nos aseos.
- Panos desbotables: en todas as aulas, aseos, despachos e espazos comúns.
- Solución desinfectante para o teclado ordenador
- Solución desinfectante: nas aulas

Protección

- Uso de máscara:

- Uso obrigatorio para toda a comunidade educativa en todo momento
- Obrigatoriedade de repoñer a máscara hixiénica ou cirúrxica ás 11:40 horas para o alumnado

- Pantallas:

- Para todo o profesorado e persoal non docente que queira usalas
- Para as tarefas de desinfección e limpeza de baños (o gafas de protección ocular).

- Mamparas:

- Para realizar trámites coas familias instalouse unha cortina mampara en secretaría
- En conserxería, instalouse o mesmo tipo de mampara para a atención aos membros da comunidade educativa.

3. ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO

Neste vindeiro curso, o profesorado do centro participará n o PFPP 2020/2021 para actualizar a súa formación dixital a través dun itinerario específico que se deseñará dentro la liña de traballo “*Integración didáctica das TIC. Traballo colaborativo en rede a través de espazos virtuais. Educación dixital*”. Este itinerario contará coas actividades que máis se adapten ás destrezas previas dos membros de claustro participante. Polo que se realizará unha enquisa nas primeiras semanas do curso escolar para averigualas e, posteriormente, escoller as modalidades de actividade máis convintes (curso, seminario ou grupo de traballo). En calquera caso, esta formación contará cun obxectivo que conleve a mellora da competencia dixital do alumnado.

- No caso de que sexa necesario realizar unha docencia non presencial, a formación básica que o alumnado (ou familia) precisa para poder ter un mínimo de garantías é:

- Acceso á aula virtual
- Acceso aos diferentes cursos nos que estea matriculado o alumnado.
- Envío de tarefas a través da aula virtual e da plataforma Edixgal (no su caso).
- Xestión da súa conta de correo electrónico e funcionalidades básicas da conta -nube, vídeo, documentos-
- Consulta de cualificacións e comentarios.

- Envío de mensaxes por vía interna da aula virtual
- Por outra banda, as familias deben coñecer e manexar as vías de información e comunicación existentes no centro, que son as seguintes:
 - Aplicación Abalarmóbil, dende a que poden realizar consultas relacionadas co ámbito académico, solicitar titorías e recibir mensaxes do centro ou profesorado. Existe a posibilidade de crear salas de mensaxería dende as que podería interactuar co profesorado.
 - Correo electrónico: vía formal para realizar consultas, transmitir información e realizar outro tipo de trámites. A dirección empregada será a corporativa: ies.cosme.lopez@edu.xunta.es
 - Teléfono: comunicación directa e inmediata, 988310833.
 - Solicitar entrevista con algún membro de profesorado a través da opción “Atención a pais/nais” que está implementada na páxina web do instituto: www.iescosmelopez.org
- As **accións formativas** que se levarán a cabo estarán dirixidas polo profesorado titor, e outro profesorado coa colaboración dos coordinadores da aula virtual.

No seguinte cadro / resumo quedan reflectidas as tarefas mínimas que se deberan levar a cabo:

DESTINATARIOS	ACCIÓN A DESENVOLVER	LUGAR/CANLE COMUNICACIÓN	TEMPORALIZACIÓN
Todos os cursos	Facilitar usuario e contrasinal da aula virtual. Cada alumno e alumna recibirá unha etiqueta co seu usuario e contrasinal que deberán pegar na súa axenda para evitar perdas.	Centro	Primeiro día Primeira semana
Todos os cursos	Explicación da privacidade dos contrasinais e uso seguro das mesmas	Centro	Primeira semana
Todos os cursos	Acceder á aula virtual e cursos correspondentes nos que estean matriculados	Centro e casa	Primeira semana
Todos os cursos	Familiarización coa aula virtual, tanto no acceso como no funcionamento	Centro	Primeira e segunda semana

Todos os cursos	Visualizar contidos na aula virtual	Centro/casa	Primeira e segunda semana
Todos os cursos	Realizar tarefas na aula virtual: un cuestionario, unha caixa de texto, unha actividade interactiva, envío dunha mensaxe, envío dun arquivo	Centro/casa	Primeiro mes do curso
Todos os cursos	Realizar tarefas mixtas que requiran unha parte presencial e outra virtual	Centro/casa	Primeiro mes do curso
1º ESO	Emprego das ferramentas básicas das que dispón o ultraportátil edixgal: cámara, escáner, gravación/edición de vídeos, procesador de texto, deseño	Centro	Primeiro trimestre
1º ESO	- Asignación de credenciais. - Empezar a traballar cos PCs cargando diferentes contidos, realizando tarefas coas diferentes modalidades que ofrece a plataforma, etc. A cuestión é ver canto antes as posibilidades que hai para traballar cos PCs.	Centro/casa	Primeira semana Primeira e segunda semana
Todos os cursos	Videoconferencia: acceso ás salas do profesorado de cada materia: funcionamento da ferramenta específica.	Centro/casa	1ª e 2ª semana
Familias	Curso básico sobre todos os aspectos relacionados coa aula virtual. Videotutorial	Casa Telemático	Primeiro mes
Profesorado	Xornadas informativa sobre o funcionamento da aula virtual, así como das súas posibles utilizacións, tamén se establecerán pautas comúns	Centro/casa	Antes do inicio do curso Organizaranse cando a Consellería de

	<p>para o alumnado para a utilización deste espazo: como identificar os arquivos a enviar, prazos de entrega, formatos válidos de arquivos, etcétera. A realización destas xornadas correrán a cargo dos coordinadores da Aula Virtual.</p>		<p>educación, universidade e Formación Profesional poña en funcionamento ás aulas virtuais.</p>
<p>Profesorado</p>	<p>Reunións informativas sobre: os seus usuarios da aula virtual, modo de ensinar ao alumnado a inscribirse nos cursos e formación dispoñible</p> <p>Posta a disposición do profesorado de apuntamentos e videotutoriais para a realización das tarefas de primeira posta en funcionamento da aula virtual e dun uso básico da mesma.</p>	<p>Centro</p> <p>Vía telemática</p>	<p>Antes do inicio de curso</p> <p>En canto as aulas virtuais esteaan operativas</p>
<p>Profesorado</p>	<p>Incluír no Plan TIC anual do centro o emprego da Aula Virtual no ensino presencial por lo menos unha vez quincenalmente con tarefas diversas para unha correcta preparación ante un posible ensino a distancia</p>	<p>Centro</p>	<p>Primeiro trimestre</p>
<p>Profesorado</p>	<p>Formación en Aulas Virtuais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Curso de introdución ao ensino mixto que estará dispoñible en formato aberto en platega. - Curso titorizado de ensino mixto con contidos específicos para o profesorado - Dentro do Plan de Formación do Profesorado no Centro : liña 		

	Integración didáctica das TIC		
Profesorado	Tutorización das aprendizaxes para potenciar o desenvolvemento das súas capacidades dixitais dentro do contexto da aula virtual. A realización desta tutorización correrá a cargo dos coordinadores da Aula Virtual.	Centro	Ao longo do curso

O primeiro mes de curso pode ser un “laboratorio” interesante para poñer a proba un modelo de ensino mixto. O alumnado pode facer tarefas de reforzo e ampliación na súa casa a través do ensino virtual ou ben acceder a información (vídeos, pequenos textos) que despois se empreguen nas sesións presenciais. Tamén se conectará por videoconferencia á sala do profesorado das distintas materias e o profesorado empregará a aula virtual para realizar algunhas tarefas específicas

Entre as vantaxes está reducir o tránsito de material entre o centro educativo e as casas e, deste xeito, alixerar as mochilas que leva o alumnado.

Isto permitiría tamén afrontar con máis garantías un escenario de semipresencialidade ou docencia non presencial nas aulas e abrir o abano de posibilidades educativas e formativas do alumnado.

A primeira semana de setembro deberase proceder a actualización da base de datos realizada o curso pasado sobre os medios tecnolóxicos existentes no fogar do alumnado para detectar necesidades e problemas e poder darlle solución ante un posible ensino a distancia. No caso de que a carencia sexa de equipamento, o centro procederá ao préstamo dos antigos equipos Abalar e se o problema fose de conectividade procederíase a solicitar a colaboración da Consellería e do Concello.

Os titores e titoras o primeiro día de clase pasarán unha enquisa ao alumnado para ver os recursos tecnolóxicos dos que dispoñen.

4. ATENCIÓN A ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS, MEDIANTE A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES GRUPAIS DE ACOLLIDA E COHESIÓN

O brote da enfermidade do coronavirus 2019 (COVID-19) e as medidas establecidas para controlala poden ser estresantes para algunhas persoas. O medo e a ansiedade pola enfermidade poden ser abrumadores e xerar fortes emocións tanto en adultos como en nenos.

O estrés durante un brote de enfermidade infecciosa pode incluír reaccións como:

- Medo e preocupación pola súa saúde e a dos seus seres queridos
- Cambios nos patróns de durmir ou comer
- Dificultade para durmir ou concentrarse
- Empeoramento dos problemas de saúde crónicos
- Empeoramento dos problemas de saúde mental
- Aumento do consumo de alcol, tabaco ou outras drogas

Ante todas estas posibles respostas e as consecuencias potenciais (ou previsibles) que deixan, dende o IES debemos tentar identificar situacións problemáticas que están a vivir os nosos alumnos/as e as súas familias para ofrecer unha resposta do entorno escolar (en coordinación co profesional de saúde cando sexa necesario) e, ao mesmo tempo, ofrecer unha intervención que facilite examinar e ordenar as súas experiencias, procesar as emocións e a experiencia vivida.

Por outra banda, un dos posibles efectos do encerro é a perda de estrutura e hábitos diarios, que non sabemos como influirá na volta ás clases.

Ademais, non podemos esquecer a posibilidade de que parte dos estudantes e as súas familias sufrisen a perda dun ser querido e que dadas as particularidades da situación e como afecta a todos os temas relacionados coa morte (ausencia de despedida, rituais), etc.), debemos telo en conta como un elemento que pode afectar a incorporación ás clases.

Por todo isto debemos incidir en varios aspectos principais no inicio do curso:

- Detectar cedo as posibles dificultades emocionais dos alumnos de Educación Secundaria, Bacharelato e FP.

O departamento de orientación facilitará ao inicio do curso ó profesorado, un pequeno dossier de información con indicadores sobre depresión, ansiedade, etc

- Realización de actividades de acollida e cohesión para facilitar o ámbito socioemocional

A partir da información recollida no traballo realizado en xuño e na comunicación mantida coas familias, e a través da evocación de experiencias derivadas da situación de alarma, identificaranse sentimentos e emocións que contribúan á reconstrución social-afectiva.

Así mesmo, identificaranse e valoraranse as estratexias de aprendizaxe e desenvolvemento persoal adquiridas da experiencia vivida, utilizándoas en situacións de incerteza e de coidado mutuo.

O departamento de orientación entregará aos titores unha recopilación de actividades que fomenten estes aspectos.

- Asesorarase aos profesores e as familias no desenvolvemento de estratexias metodolóxicas que faciliten a motivación e o rendemento escolar do alumnado.

- Ademais, debemos tratar os seguintes aspectos:

- A nivel social é importante que traballemos o tratamento que reciben as persoas contaxiadas. Estar afectado polo virus non debe ser motivo de discriminación, senón de comprensión e empatía, debemos evitar o rexeitamento social dende a empatía, pois calquera nós podemos pasar por esa situación aínda sen ter cometido actos imprudentes. Polo tanto, se temos a mala sorte de que un compañeiro/a contrae a enfermidade, non podemos culpalo nin demonizalo, senón apoiala e coidala emocionalmente.
- O mesmo temos que facer coas persoas que presenten síntomas compatibles, tomar precaucións non implica desprezo e rexeitamento, polo que debemos facer actividades de sensibilización neste eido.
- Outro aspecto sobre o que debemos incidir no tratamento transversal do tema é a difusión de bulos e as bromas relacionadas co virus. Temos que formar ao noso alumnado para que non caia en cadeas de transmisión de información que non estea fundamentada e confirmada, estamos nunha época na que se pode ferir a compañeiros/as facendo comentarios en torno ao seu estado de saúde que poden alterar a convivencia no centro. Sucede o mesmo coas bromas de mal gusto relacionadas co coronavirus, non cabe dúbida de que o emisor seguramente non teña intención ofensiva, pero pode darse o caso de que nenos/as con parentes ou coñecidos afectados/as poidan verse violentados por esta situación, polo que temos que intentar evitalas.
- A perda de liberdade do alumnado é máis que evidente, xa que son moitas as limitacións que se atopará no retorno ás aulas. Será importante transmitir que se trata dunha situación transitoria e que ese esforzo vai en beneficio de todos/as, e como cidadáns debemos cumprir con estas restricións cun único obxectivo: contribuír a frear ao virus e conseguir que todo isto acabe.